

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE FACENDA

CORRECCIÓN de errores. Orde do 28 de xullo de 2011 pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011.

Advertidos errores na citada orde, publicada no DOG n.º 158, do 19 de agosto de 2011, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 23542 no artigo 1, onde di: «...recollidos nos anexos I, II, III, IV, V e VI desta orde.», debe decir: «...recollidos nos anexos I, II, III, IV, V, VI e VII desta orde.».

Na páxina 23543 no parágrafo décimo terceiro, onde di: «...aos rueiros de urbana (anexo III)...», debe decir: «...aos rueiros de urbana (anexo IV)...».

Na páxina 23544 no artigo 3.2. na última liña, onde di: «...a non utilización do medio de valoración de prezos medios de mercado.», debe decir: «...a non utilización do medio de valoración de prezos medios no mercado.».

Na páxina 23547 na primeira liña, onde di: «– Superficie construída en m².», debe decir: «– SC (Superficie construída en m²).».

Na páxina 23551 na Norma 4: coeficiente de mercado, onde di: «Para concellos do interior con dinámicas inmobiliarias e construtivas menos desenvolvidas, os referidos do grupo 2, poderase reducirá ata 1,2.», debe decir: «Para concellos do interior con dinámicas inmobiliarias e construtivas menos desenvolvidas, os referidos do grupo 2, poderase reducir ata 1,2.».

Na páxina 23553, onde di: «ANEXO II Prezos medios de mercado do solo rústico e constucción. Expoñentes de cultivo, parroquia e acceso», debe decir: «ANEXO II Prezos medios no mercado do solo rústico e construcción. Expoñentes de cultivo, parroquia e acceso».

Na páxina 23561, onde di: «ANEXO III Valores de repercusión para uso dominante de solo urbano residencia por zonas (€/m² construído)», debe decir: «ANEXO III Valores de repercusión para uso dominante de solo urbano residencial por zonas (€/m² construído)».

Na páxinas 23569 a 24152, onde di:

«ANEXO IV

Índices de valor intrazonal por calle o tramo de calle							Coeficientes de uso pormenorizado		
Concello	CD Rúa	Sigla	Nome rúa	TR	Nome tramo	Zona	CT uso viv.	CT uso viv.	CT uso com»

Debe dicir:

«ANEXO IV

Índices de valor intrazonal por rúa ou tramo de rúa							Coeficientes de uso pormenorizado		
Concello	CD Rúa	Sigla	Nome rúa	TR	Nome tramo	Zona	CT uso viv.	CT uso ofi.	CT uso com.»